

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

*Aprobación: 27/01/00 - B.O.P.: 12/04/00*

*Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06*

*Modificación: 26/12/07 - B.O.P.: 28/12/07*

*Modificación: 29/12/08 - B.O.P.: 30/12/08*

*Modificación: 27/02/14 - B.O.P.: 19/06/14*

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente a supresión da taxa e a derogación da ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

**Segundo:** Expor ó público mediante Edicto o acordo provisional, no taboleiro de anuncios deste concello polo período de 30 días, e publicar no Boletín Oficial da Provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, para que os que teñan a condición de interesados poidan presenta-las alegacións que estimen convenientes.

En caso de non presentarse reclamacións, este acordo provisional entenderase definitivo, procedéndose a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** O citado acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2014, xa que é a data en que comeza a aplicarse as ordenanzas fiscais aprobadas polo Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do louro.